

(cambio climático) e un longo etc. O congreso contou coa acreditación académica da USC y UVIGO, o recoñecemento de interese sanitario da Consellería de Sanidade; o de relevancia administrativa pola AECA-Instituto Internacional de Ciencias Administrativas así como o da AGASP.

127 congresistas procedentes de máis de 40 concellos de Galicia: técnicos e funcionarios das administracións públicas; profesorado de universidade, ensino secundario e formación profesional; xestores e técnicos de empresas; profesioais diversos; axentes que realizan tarefas de vixilancia e protección da natureza (Seprona, policía local, protección civil, MAN e montes, gardacostas); representantes de asociacións ecoloxistas e ONGs que traballan na defensa do medio ambiente; estudantes universitarios e de formación profesional, etc.

Tratáronse algúns dos principais problemas ambientais de Galicia e o Salnés, que é unha das zonas con máis potencialidade do territorio galego. Abordáronse temas como a calidade do aire, o transporte ecolóxico e a loita contra o cambio climático (darlle un pulo ás enerxías renovables, modelo enerxéticos sostible); o estado actual da ría de Arousa (depuración, mantemento axeitado das depuradoras e un maior control por parte da administración); a calidade das augas e a súa xestión facendo especial fincapé no Salnés (ETAPs + EDARs); a xestión dos residuos (pular pola recollida selectiva,



■ Mesa presidencial do acto inaugural: Francisco Peña, Manuel Fernández Pellicer (delegado xeral en Galicia de Gas Natural Fenosa), Begoña Estévez Bernárdez (deputada provincial de Deportes, en representación da Deputación de Pontevedra), Miguel Ángel Pérez García (alcalde de O Grove), Gonzalo Hermida Durán (presidente da Mancomunidade do Salnés e alcalde de Vilanova de Arousa), Ángel Gómez Amorín (vicepresidente da SESA e subdirector xeral da Consellería de Sanidade), e José Alfredo Bea García (concelleiro de Medio Ambiente do Concello do Grove).

complementariedade de procedementos, converter os residuos nun recurso, etc.); o emprendemento empresarial “verde” como xerador de emprego e desenvolvemento sostible; e a xestión dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico de Galicia e do Salnés (puxéronse en valor as súas afoutezas y potencialidades e a necesidade dunha axeitada xes-

tión dos seus recursos naturais: as illas de Cortegada, Ons e Sálvora máis vencelladas ao Salnés que conforman o Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas de Galicia, os recursos mariños, o medio natural, o termalismo, a viticultura, a gastronomía, etc., pezas clave para impulsar o turismo sostible e de calidade, de natureza e de saúde, etc.).

O congreso celebrouse nun enclave emblemático e estratéxico desde o punto de vista turístico e de natureza. Desenvolveuse unha ruta de turismo verde espectacular polos xardíns históricos e árbores monumentais da comarca do Salnés, a cargo do profesor Carlos Rodríguez Dacal. Visitáronse os balnearios do Gran Hotel La Toja e do Hotel Isla de la Toja, pioneiros e impulsores do termalismo de calidade xunto co balneario de Mondariz. Visi-

touse a nova EDAR municipal do Concello do Grove que contribuirá a evitalo impacto ambiental e sanitario dos verquidos das augas residuais á ría de Arousa, o cal será un gran logro que beneficiará aos intereses desa zona e do sector. Fíxose unha un viaxe no catamarán Mares do Grove Neptuno Sub pola ría de Arousa, unha das máis fermosas e productivas do mundo, que os congresistas desfrutaron e puxeron en valor.



■ Mesa presidencial del acto de clausura: Francisco Peña, Andrés Sampedro Fernández, Tomás Fole Díaz (alcalde de Vilagarcía de Arousa), Nava Castro Domínguez (directora Axencia Turismo de Galicia) Miguel Ángel Pérez García, Luis Menor Pérez (director da AGASP), Casimiro González Fernández (Viaqua).

*“Recoñecemento do Seprona a Francisco Peña polo seu amor ao medio ambiente”. Héctor García Carril, xefe da Patrulla do Seprona de Vilagarcía de Arousa, fíxolle entrega dunha metopa*



■ Francisco Peña i Héctor García Coello